

Chegou o outono e entre néboas, fríos e castañas, traenos tamén a **XXIII Festa do Samaín**. ¿Queredes saber que podemos facer este ano?

O **venres 2 de novembro** haberá un **Obradoiro con castañas** sobre as **17 h**. Faremos collares de **zonchos** cos máis pequenos. Ademais despois poderán participar no **Obradoiro de Malabares** a cargo de **Circusfusión** as **18.30 h**. Todo isto terá lugar nas carpas situadas no paseo da Mariña.

O **sábado 3 de novembro** a partir das **17 h** da tarde é o momento para achegarse ao borde da ría e disfrutar propiamente da **Festa do Samaín**. Podedes comezar tallando caliveras no **Obradoiro de Cabazas (17h)** para despois presentalas ao **Concurso de Cabazas** e gañar orixinais premios.

Ademais haberá un **Obradoiro de Maquillaxe (17.30 h)** para que calquer neno ou nena poda sentirse máxico ese día. Non vos olvidedes de que podedes inscribiros para participar na **Ginkana (17h)** que vos permitirá o pase á misteriosa **Casa do Terror**.

Con tanta actividade ábrese o apetito, ¡sorte que están aí os postos da **Meren-dola de Outono** con requeixo e mel, bola de azucre e bebidas! Ademais podedes acercaros aos puntos de venta para mercar algunha camiseta que levar de recordo.

Polo luscofusco comezaremos a dar os premios do **Concurso de Cabazas**. ¡Estade atentos! Quizáis a vosa cabaza sexa galardoada.

Cando entre a noite, apagarase o alumeadado público e comezará o **Pasarrúas**. Acompañados do ritmo de **Buxainas**, percorrерemos coas nosas cabazas acendidas as rúas da **vila vella**. ¿Que sorpresas poden aparecer durante o percorrido?

Despois procederemos á **Queima da Gran Cabaza** nas escuras augas da ría de Cedeira.

E xa para rematar terá lugar a **I Folíada da Vila** cos compañeir@s da **Asociación Buxainas**. Contaremos coa actuación de *Troula de Ortegá* e os concertos de *No combaro* e *Os reventafoles*. Traede os vosos instrumentos e ... ¡festa rachada! Apuntádevos en: [foliadaavila@hotmail.com](mailto:foliadaavila@hotmail.com)

Haberá castañas, pinchos e bebidas a precios populares.

¡Animádevos a vir! A Coruña

